

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3165** *Real decreto 455/2012, do 5 de marzo, polo que se establecen as medidas destinadas a reducir a cantidade de vapores de gasolina emitidos á atmosfera durante a reposición de combustible dos vehículos de motor nas estacións de servizo.*

En virtude do Convenio sobre contaminación atmosférica transfronteiriza a gran distancia, asinado en Xenebra en 1979, no marco da Comisión Económica das Nacións Unidas para Europa, as partes comprométese a limitar, previr e reducir paulatinamente as emisións de contaminantes atmosféricos e, con isto, a loitar contra a contaminación transfronteiriza conseguinte, entendida como liberación á atmosfera, polo ser humano, de substancias ou de enerxía que teñan, noutro país, efectos prexudiciais para a saúde, o ambiente ou os bens materiais, sen distinguir as fontes individuais e colectivas da dita liberación.

O dito tratado internacional completouse con varios protocolos específicos, entre os cales se inclúen o Protocolo de Xenebra do 18 de decembro de 1991, sobre o control das emisións de compostos orgánicos volátiles ou dos seus fluxos transfronteirizos, que fixa obxectivos de redución para as emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) e, por outra parte, o Protocolo de Gotemburgo do 30 de novembro de 1999 para loitar contra a acidificación, a eutrofización e o ozono troposférico, que fixa límites de emisión para catro contaminantes (dióxido de xofre, óxidos de nitróxeno, COV e amoníaco) e exige a aplicación das mellores técnicas dispoñibles para limitar as emisións.

Tanto o noso país como a Unión Europea son parte de ambos os dous protocolos, motivo polo cal a recuperación de vapores de gasolina emitidos á atmosfera foi regulada inicialmente pola Directiva 94/63/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 1994, sobre o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) resultantes do almacenamento e da distribución de gasolina desde as terminais ás estacións de servizo (recuperación de vapores de gasolina na fase I), que foi incorporada ao ordenamento xurídico español polo Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) resultantes do almacenamento e distribución de gasolina desde as terminais ás estacións de servizo. Posteriormente sería aprobado o Real decreto 1437/2002, do 27 de decembro, polo que se adecuan as cisternas de gasolina ao Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV).

Os vapores de gasolina que se liberan durante a reposición dos vehículos de motor nas estacións de servizo deben igualmente recuperarse para limitar as emisións de vapores nocivos á atmosfera. Estes vapores contribúen ás emisións de contaminantes atmosféricos como o benceno ou o ozono troposférico, que son nocivos para a saúde humana e o ambiente.

O dereito da Unión Europea produciu desde entón varias normas que afectan esta cuestión. En primeiro lugar, a Directiva 2001/81/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, sobre teitos nacionais de emisión de determinados contaminantes atmosféricos, establece teitos nacionais de emisión para os COV que contribúen á formación de ozono na baixa atmosfera.

Para impulsar o cumprimento dos obxectivos da Directiva 2001/81/CE, do 23 de outubro, por Acordo do Consello de Ministros, do 25 de xullo de 2003, aprobouse o Programa nacional de redución progresiva de emisións nacionais de dióxido de xofre (SO<sub>2</sub>), óxidos de nitróxeno (NO<sub>x</sub>), compostos orgánicos volátiles (COV) e amoníaco (NH<sub>3</sub>) e, posteriormente, mediante Acordo do Consello de Ministros do 7 de decembro de 2007, o II Programa nacional de redución de emisións, conforme a Directiva 2001/81/CE do

Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, sobre teitos nacionais de emisión de determinados contaminantes atmosféricos, que foi publicado pola Resolución do 14 de xaneiro de 2008, da entón Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático.

A continuación, a Decisión n.º 1600/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xullo de 2002, pola que se establece o sexto programa de acción comunitario en materia de ambiente, estableceu a necesidade de reducir a contaminación do aire a niveis que minimicen os efectos prexudiciais para a saúde humana e o ambiente.

Despois, a Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa, que fixa uns obxectivos de calidade do aire para o ozono e o benceno na baixa atmosfera, foi incorporada ao noso ordenamento mediante o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, de mellora da calidade do aire.

Recentemente, procedeuse a regular a fase II de recuperación de vapores de gasolina mediante a aprobación da Directiva 2009/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativa á recuperación de vapores de gasolina da fase II durante a reposición dos vehículos de motor nas estacións de servizo, que amplía a aplicación da anteriormente referida Directiva 94/63/CE ás instalacións requiridas nas estacións de servizo para a recuperación de vapores de gasolina, co obxecto de reducir a cantidade de vapores de gasolina emitidos á atmosfera durante a reposición dos vehículos de motor nas estacións de servizo.

Para iso, mediante o presente real decreto trasponse a citada Directiva 2009/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, e exíxese que as estacións de servizo novas se doten dun sistema de recuperación de vapores de gasolina se o seu caudal efectivo é superior a 500 m<sup>3</sup>/ano e, no caso das existentes para caudais superiores a 3.000 m<sup>3</sup>/ano, que o incorporen como moi tarde o 31 de decembro de 2018.

Deste xeito, a instalación dun sistema de recuperación de vapores de gasolina desprendidos do depósito de combustible dun vehículo de motor durante a reposición nunha estación de servizo permitirá transferir eses vapores a un depósito de almacenamento da estación de servizo, ou devolvelos á bomba ou dispensador de gasolina co obxecto de evitar perigos ao ambiente e á saúde pública.

As estacións de servizo, en materia de seguridade industrial, encóntranse actualmente reguladas no Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións petrolíferas, así como na Instrución técnica complementaria MI-IP-02 «Parques de almacenamento de líquidos petrolíferos» aprobada polo Real decreto 2085/1994, e modificada polo Real decreto 1562/1998, do 17 de xullo, e pola Instrución técnica complementaria MI-IP 04 «Instalacións para subministración a vehículos», aprobada polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, modificada polo Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro.

Este real decreto encontra o seu fundamento na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, que na súa disposición derradeira novena habilita o Goberno para que, no ámbito das súas competencias e logo da consulta coas comunidades autónomas, aprobe cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación, a execución e o desenvolvemento do establecido nesta lei, así como para actualizar os seus anexos.

Así mesmo, encontra o seu fundamento na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, que no seu artigo 9 establece que o obxectivo da seguridade industrial é a prevención e limitación de riscos que poidan derivar para as persoas, fauna, flora, bens ou ao ambiente. A mesma lei, no seu artigo 12.5, dispón que os regulamentos de seguridade industrial de ámbito estatal serán aprobados polo Goberno da nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas, con competencia legislativa sobre industria, poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

Para a elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas, así como, de acordo co establecido no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do

Goberno, as entidades do sector coñecidas e consideradas máis representativas. Tamén de acordo coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, o real decreto foi obxecto do trámite de participación pública a que se refire o artigo 16 da dita lei e, por outra parte, emitiu informe sobre el o Consello Asesor de Medio Ambiente conforme o previsto no artigo 19 desda norma legal.

Ademais, este real decreto foi obxecto de informe por parte do Consello de Coordinación da Seguridade Industrial, de acordo co previsto no artigo 18.4.c) da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no artigo 2.d) do Regulamento do Consello de Coordinación da Seguridade Industrial, aprobado polo Real decreto 251/1997, do 21 de febreiro.

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. Así mesmo, dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle confire ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2012,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento e a regulación da obriga das estacións de servizo de se dotaren dun sistema para reducir a cantidade de vapores de gasolina emitidos á atmosfera durante a reposición nelas dos vehículos de motor (recuperación de vapores de gasolina da fase II), así como o seu procedemento de verificación e seguimento.

##### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

- a) Caudal: a cantidade total anual de gasolina descargada desde depósitos móbiles a unha estación de servizo.
- b) Eficiencia da captura de vapores de gasolina: a cantidade de vapores de gasolina capturados polo sistema de recuperación de vapores de gasolina da fase II comparada coa cantidade de vapores de gasolina que, doutro xeito, se tivesen emitido á atmosfera en ausencia de tal sistema, expresada en porcentaxe.
- c) Estación de servizo: estación de servizo tal como se define no artigo 2.f) do Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) resultantes do almacenamento e a distribución de gasolina desde as terminais ás estacións de servizo.
- d) Estación de servizo existente: unha estación de servizo que estea construída ou para a cal se concedese un permiso de urbanismo, unha licenza de construción ou unha licenza de explotación antes do 1 de xaneiro de 2012.
- e) Estación de servizo nova: unha estación de servizo que estea construída ou para a cal se concedese un permiso de urbanismo, unha licenza de construción ou unha licenza de explotación a partir do 1 de xaneiro de 2012.
- f) Gasolina: gasolina tal como se define no artigo 2.a) do Real decreto 2102/1996, do 20 de setembro, sobre o control de emisións de compostos orgánicos volátiles (COV) resultantes do almacenamento e a distribución de gasolina desde as terminais ás estacións de servizo.
- g) Modificación substancial: enténdese por modificación substancial a substitución total ou parcial de tanques e das súas canalizacións asociadas, ou ben o incremento da

capacidade de almacenamento e/ou das posicións de subministración e/ou das liñas de impulsión, de aspiración ou de vapor.

h) Relación vapor/gasolina: relación entre o volume de vapores de gasolina a presión atmosférica que pasan polo sistema de recuperación de vapores de gasolina da fase II e o volume de gasolina expendido.

i) Sistema de control automático: dispositivo que detecte automaticamente os fallos no funcionamento adecuado do sistema de recuperación de vapores de gasolina da fase II e no propio sistema de control automático. Deberá ademais indicar os fallos ao titular da estación de servizo e deterá automaticamente o fluxo de gasolina da bomba ou dispensador defectuoso se o fallo non se rectifica nun prazo de 7 días.

j) Sistema de recuperación de vapores de gasolina da fase II: equipamento destinado a recuperar os vapores de gasolina desprendidos do depósito de combustible dun vehículo de motor durante a reposición nunha estación de servizo e que transfire eses vapores a un depósito de almacenamento da estación de servizo ou o devolve á bomba ou dispensador de gasolina para a súa revenda.

k) Vapores de gasolina: todos os compostos gasosos que se evaporan da gasolina.

### Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación ás estacións de servizo novas sempre que:

- a) O seu caudal efectivo ou previsto sexa superior a 500 m<sup>3</sup>/ano, ou,
- b) Se están situadas debaixo de vivendas ou de zonas de traballo permanentes, o seu caudal efectivo ou previsto sexa superior a 100 m<sup>3</sup>/ano.

2. Tamén se aplicará ás estacións de servizo existentes que sexan sometidas a unha modificación substancial sempre que:

- a) O seu caudal efectivo ou previsto sexa superior a 500 m<sup>3</sup>/ano, ou,
- b) Se están situadas debaixo de vivendas ou de zonas de traballo permanentes, o seu caudal efectivo ou previsto sexa superior a 100 m<sup>3</sup>/ano.

3. Este real decreto non será exixible ás estacións de servizo cuxo uso exclusivo estea vinculado á fabricación e á subministración de vehículos de motor novos.

### Artigo 4. *Nivel mínimo de recuperación de vapores de gasolina.*

1. Os equipamentos de recuperación de vapores de gasolina da fase II que se instalen nas bombas ou dispensadores de gasolina das estacións de servizo deberán captar polo menos o 85 por cento dos vapores de gasolina.

A eficiencia da captura dos vapores de gasolina destes sistemas deberá estar certificada polo fabricante conforme as normas técnicas europeas pertinentes ou os métodos establecidos polo Comité Europeo a que se refire o artigo 8 da Directiva 2009/126/CE, do 21 de outubro, ou, en ausencia das ditas normas ou procedementos, conforme as normas ou os códigos de recoñecido prestixio.

2. Para o caso en que os vapores de gasolina se transfiren a un depósito de almacenamento situado na estación de servizo, a relación vapor/gasolina situarase entre un mínimo de 0,95 e un máximo de 1,05.

3. A instalación dun sistema de recuperación de vapores fase II estará de acordo coa lexislación metrolóxica vixente. A súa utilización non afectará os parámetros metrolóxicos do instrumento de medida sobre o cal se instala.

### Artigo 5. *Verificaciónes periódicas.*

1. A eficiencia da captura de vapores de gasolina dos sistemas da fase II de recuperación de vapores de gasolina deberaa comprobar polo menos unha vez ao ano un organismo de control autorizado regulado nos artigos 15 e seguintes da Lei 21/1992, do 16 de xullo, e nos artigos 41 e seguintes do Regulamento para a infraestrutura para a

calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

Esta proba poderase efectuar verificando que a relación vapor/gasolina en condicións simuladas de fluxo de gasolina é conforme co artigo 4 ou mediante outro método adecuado.

2. O prazo establecido no número anterior será de tres anos se a estación de servizo conta cun sistema de control automático.

3. A verificación periódica consistirá en comprobar o establecido nos números anteriores, así como en certificar que se cumpren ou cumpriron os requisitos e deberes establecidos nos artigos 6 e 7 do presente real decreto.

4. No caso de instalacións reguladas pola Instrución técnica complementaria MI-IP04 «Instalacións para subministración a vehículos», aprobada polo Real decreto 2201/1995, do 28 de decembro, e modificada polo Real decreto 1523/1999, do 1 de outubro, o resultado das verificacións periódicas será rexistrado no libro de revisións, probas e inspeccións por parte do organismo de control que a leve a cabo.

5. Se o resultado da verificación periódica resulta non conforme cos requisitos establecidos no presente real decreto, o organismo de control deberá comunicarllo de forma inmediata ao órgano competente da comunidade autónoma.

#### Artigo 6. *Información ao consumidor.*

1. Toda estación de servizo que teña instalado un sistema de recuperación de vapores de gasolina da fase II deberá informar diso o consumidor.

2. Para iso, o titular da estación de servizo informará mediante un sinal, unha etiqueta ou outro distintivo para o efecto na propia bomba ou dispensador ou nas súas proximidades.

#### Artigo 7. *Información para as administracións públicas.*

1. Os titulares das estacións de servizo comunicaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma a instalación dos sistemas de recuperación de vapores, indicando o tipo de sistema instalado.

As comunidades autónomas deberán posibilitar que esta comunicación sexa realizada por medios electrónicos.

2. O órgano competente da comunidade autónoma porá os datos mencionados no número anterior á disposición do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a súa integración no sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica.

#### Artigo 8. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas establecidas neste real decreto sancionarase de conformidade co establecido no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no capítulo VII da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

#### Disposición transitoria única. *Estacións de servizo existentes.*

O disposto neste real decreto só será exigible ás estacións de servizo existentes cun caudal superior a 3.000 m<sup>3</sup> /ano a partir do 31 de decembro de 2018.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe respectivamente ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre

protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativa á recuperación de vapores de gasolina da fase II durante a reposición dos vehículos de motor nas estacións de servizo.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento e aplicación do real decreto.*

Os ministros de Industria, Enerxía e Turismo, e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ditarán conxunta ou separadamente, segundo as materias de que se trate, e no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que exixan o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN